



Decreto Legislativo / , de de , polo que se aproba o texto refundido da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.10º, atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23º da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva no establecemento da lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias.

Pola súa banda, a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes de Estado, de carácter básico, atribuíu ás Comunidades Autónomas a competencia para regular en montes e áreas limítrofes o exercicio de todas aquelas actividades que poidan dar lugar a risco de incendio, e establecer normas de seguridade aplicables a edificacións, obras, instalacións eléctricas e infraestruturas de transporte en terreos forestais e as súas inmediacións, que poidan implicar perigo de incendios ou ser afectadas por estes. En particular lles atribúe competencia para regular de forma específica a prevención de incendios forestais e as medidas de seguridade nas zonas de interface urbano-forestal.

En aplicación de tales atribucións competenciais, aprobouse a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, coa finalidade de establecer as medidas preventivas necesarias para facilitar a loita contra o lume e, así mesmo, servir de instrumento para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural de Galicia.

A evolución do monte galego nos últimos anos preséntanos un enorme incremento da superficie arborada, onde a madeira configúrase como un recurso endógeno de primeira magnitude. A importancia económica, social e medioambiental adquirida polo noso monte veu a esixir a regulación e ordenamento dun aproveitamento racional dos recursos forestais, con base na esixencia do seu desenvolvemento sustentable.

Neste marco e coa dita finalidade aprobouse a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que na súa disposición final primeira veu a modificar a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así, simplificáronse e incardináronse os distintos niveis de planeamento, redefiníronse as redes e faixas de xestión da biomasa, clarificáronse as responsabilidades directas e subsidiarias, integrándoas nos correspondentes planes de distrito ou municipais; tamén se modificaron as distancias en torno ás vivendas ou instalacións aos efectos da obriga de xestión preventiva da biomasa.



Pola súa banda a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduce diversas modificacións na Lei 3/2007, do 9 de abril, coa finalidade principal de incluír medidas que fortalezan a prevención e loita contra os incendios forestais. Así mesmo, a súa Disposición derradeira terceira, que prevé a refundición normativa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, autorizou o Consello da Xunta para que, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, aprobase, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de incendios, un decreto legislativo no que refundise a normativa de rango legal vixente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, constituída pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as súas modificacións.

A autorización a que se refire esta disposición incluía a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que teñan que refundirse.

Tal facultade, como ten sinalado o Tribunal Constitucional permite “introducir normas adicionais e complementarias ás que son estritamente obxecto de refundición, sempre que sexa necesario para colmar lagoas, precisar o seu sentido ou, en fin, acadar a coherencia e sistemática do texto único refundido (STC 13/1992, do 6 de febreiro).

No mesmo sentido, o Consello de Estado ten precisado que a referida facultade habilita para realizar “algunhas alteracións no texto literal dos preceptos obxecto de refundición, na medida na que sexa necesario para clarificar unha redacción unitaria do texto legal unificado, se ben co límite de non establecer novos preceptos xurídicos que non estean xa expresamente incluídos nos textos legais que se refunden” (Ditame do 28 de outubro de 2004, exp. nº 2.515/2004).

Finalmente, e polo que se refire ao procedemento de elaboración desta norma, o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos, establece que con carácter previo á elaboración do proxecto de decreto, procede realizar unha consulta pública, a través do portal *web* desta administración, para recopilar a opinión dos interesados e das súas organizacións máis representativas sobre as seguintes cuestións:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar.
- b) A necesidade e oportunidade da aprobación deste decreto.
- c) Os seus obxectivos.
- d) As posibles solucións alternativas reguladoras.